


COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XULLO DE 2014

- 1º.- Apróbanse por asentimento a acta da reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta de Facultade do día 11 de xuño de 2014, coa seguinte modificación no último parágrafo do apartado 3: “estamos abertos e aceptamos a solución proposta polo Vicerreitor”.
- 2º.- Apróbase, por asentimento:
- a. Táboa de recoñecemento de créditos entre a Licenciatura en Dereito (Rama Xeral) e o Grao en Dereito (plan 1).
 - b. En relación coas Guías Docentes pendentes de aprobación pola Xunta de Facultade, acórdase:
 - i. En relación coas Guías docentes do Grao en Dereito:
 - Aprobar as seguintes guías docentes, 1 a 5; 7 a 9 e 16 (vid. anexo a este documento), e conceder un prazo excepcional para que voluntariamente os coordinadores fagan un último esforzo para subsanar os erros formais das guías docentes.
 - Non aprobar e delegar a súa aprobación na coordinadora do grao, unha vez verifique que se fixeron os cambios oportunos, as seguintes guías docentes 6 e 10 a 15 (vid. anexo a este documento).
 - ii. Aprobar as guías docentes do Máster Universitario en Información Técnica do Medicamento.
 - iii. Aprobar as guías docentes do Máster Universitario en Avogacía.
- 3º.- Apróbase, por asentimento, o modelo de acta do Tribunal dos Traballos de Fin de Grao (é que de aquí o mes de outubro se traballará para tratar de mellorar este modelo) e solicitar aos membros do Tribunal da convocatoria de xullo do presente curso que motiven as cualificacións, utilizando, se o consideran conveniente, o modelo de acta aprobado nesta comisión.


Ourense, 15 de xullo de 2014

A SECRETARIA DA FACULTADE


M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 14 de xullo de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 17 de xullo de 2014.

A SECRETARIA


María Dolores Fernández Fustes